

# NOME CIENTÍFICO

*Chamaecyparis lawsoniana*

## Descrición:

Árbore de folla perenne que pode acadar os 50 ou 70 metros de altura. As súas follas son escamosas, de cor azulverdoso con tons de branco. Os seus conos son globosos cunhas dimensións de entorno a 7 - 14 milímetros e teñen unha vermella que vai mudando a marrón en canto liberan o pole.

**As flores** agrúpanse, como en tódalas coníferas, en conos. os desta especie teñen unha característica cor vermella.



40

**Familia:** Cupressaceae

**Orixe:** Noroeste de EE.UU

**Nome común:** Ciprés de Lawson



41



42

**Detalle de folla e cono** masculinos (vermellos) do Ciprés de Lawson.

# *Chameacyparis lawsoniana*

## **Hábitat**

O seu hábitat natural redúcese a unha limitada zona do sur de Oregón e norte de California, onde pode habitar en zonas dende o nivel do mar ata os 1500 metros de altura. Prospera en solos ben drenados pero húmidos.

## **Usos ou propiedades**

Ten unha grande importancia en xardinería e paisaxismo, para os que existen gran cantidade de variedades que se poden adaptar a cada tipo de xardín. A súa madeira é lixeira e durable, moi valorada en Asia onde se emprega fundamentalmente para a construción de cadaleitos, santuarios e templos.

## **Categoría IUCN**

Vulnerable (VU)

## **Curiosidades**

Aínda que o seu nome pode levar a confusión, esta especie en realidade non é un verdadeiro cedro. Foi descuberto a mediados do século XIX en Oregón (EE.UU.) e a continuación cultivouse polos traballadores do viveiro “Lawson & Son nursery” de Edimburgo (Escocia), o que explica o seu nome.